



Sr. Secretario Xeral de Calidade e  
Avaliación Ambiental  
Consellería de Medio Ambiente,  
Territorio e Infraestruturas  
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre decisión do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Monte O Tourado (Vimianzo e Zas, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0067,

## EXPÓN:

1. Que, con data 12-01-2011, SGHN respostou as Consultas sobre decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Monte Tourado (Vimianzo, A Coruña), promovido por Sistemas Energéticos Edreira, SAU, clave 2010/0212, solicitando que se sometera a avaliación de impacto ambiental.
2. Que de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto podería afectar a 3 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea: 4020 Genisto berberideae-Ericetum tetralicis, 91E0 Carici lusitanicae-Alnetum glutinosa e 4020 Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris.
3. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 10 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Hyla arborea*, *Milvus migrans*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*).
4. Que o "*Documento de inicio*" continúa coa "tradición" de copiar e pegar texto de outros documentos previos do mesmo promotor sen molestarse tan siquera en adaptalo ao novo proxecto. Así na páxina 137 afirma textualmente que "*Las especies migradoras también se ven involucradas en colisiones, a pesar de que generalmente vuelan a más de 150 m de altura, muy superior a la altura de un aerogenerador y su pala*" cando a altura dos buxes dos aerogeneradores proxectados é de ata 120 m e o diámetro do rotor de ata 112 m, e dicir, unha altura total de ata 181 m.

Por todo o cal,

## SOLICITA:

Que o proxecto Parque Eólico Monte O Tourado (Vimianzo e Zas, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0067 se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos co proxecto Parque Eólico Monte Tourado (Vimianzo, A Coruña), promovido por Sistemas Energéticos Edreira, SAU, clave 2010/0212.
2. Avalíe alternativas para evitar o impacto (de aerogeneradores e vias de acceso) sobre os 3 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea existente na zona.



3. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
  - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Hyla arborea*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.
  - b. *Milvus migrans*, *Circus pygargus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *Myotis myotis*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
  - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
4. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 2011